

**REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA SOBRE AMPLIACIÓN DE  
LISTAS DE AGARDA\_ACTA N°15**

**ASISTENTES**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Xerenta:**

Raquel María Souto García

**Vicexerente de Recursos Humanos:**

José González Groba

**Xefe de Servizo de PAS**

José Fernández Viña

**Redacción da acta:**

Maria Isabel Fernández Uría

**COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA**

Marcos Estévez Orge (CCOO, presidente)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

Carlos Román Lago (CIG)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO) Escusa ausencia

Margarita Turnes (CCOO) Escusa ausencia

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Rita Velasco Graña (CCOO)

**COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE**

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pividra (CIG)

Carmen García Meijide (CIG) Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG) Escusa ausencia

Os representantes dos Comités de Empresa do PAS Laboral mantiveron unha reunión coa Xerencia, o día 05 de maio de 2021 ás 10:00h na Sala 20 do Campus Remoto coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Convocatorias de ampliación de listas de agarda das seguintes categorías:

- a. TE de bibliotecas.
- b. TE de animalario.
- c. TE de actividades deportivas

2. Rolda de intervencións.

**1. Convocatorias de ampliación de listas de agarda das seguintes categorías:**

A Xerenta comeza dicindo que se achegaron as convocatorias para a ampliación das listas de agarda de TE de bibliotecas, TE de animalario e TE de actividades deportivas. A estrutura xeral é a que estaba establecida, e os temarios son iguais que os das últimas convocatorias de ampliación de listas. Engádese no animalario, estar en posesión do requisito de formación complementaria en animais de experimentación conforme ao Real Decreto 53/2013, de 1 de febreiro.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que a estrutura da convocatoria mantívose segundo anos anteriores agás a introdución, onde se especifica que son procesos para a cobertura temporal de postos de traballo, en adecuación ao ditaminado pola xurisprudencia actual, para tentar evitar problemas nun futuro. Polo que se refire o temario do animalario, é exactamente igual que na anterior convocatoria do 2014, salvo ese requisito de formación complementaria. Na biblioteca aparece un tema a maiores da anterior convocatoria, segundo trasladou o director da biblioteca á xerencia. En relación aos TE en actividades deportivas, ao non haber convocatoria previa, tomouse como antecedente a convocatoria para cobertura con persoal fixo de 2005 e ese temario facilitouse ao Director da área de saúde e deporte que sobre esa base elaborou o temario proposto aos órganos de representación.

Pablo Álvarez di que o temario incluído na convocatoria de TE de Actividades Deportivas lle parece tremendaente excesivo, en concreto os temas 8 e 9 xa que son temas sen acutar, polo que se podería incluír calquera deporte do mundo. A súa proposta é, que a parte de regulamentación se refira únicamente ás instalacións da Universidade e logo, que os deportes só sexan os recollidos no tema 3. No que se refire ao temario da Biblioteca, que debería ser unha lista con certa urxencia, parécelle tamén excesivo.

A Xerenta entende o exposto, pero pide que sexan os comités os que fagan unha proposta conxunta para que o procedemento sexa máis operativo.

O presidente do CEPO di que o comité enviará antes do vindeiro venres a súa proposta. En xeral os temarios parécenlle excesivos tanto o de TEAD como o de TE de biblioteca. Considera imprescindible ter xente nas listas de agarda, polo que os temarios deben ser bastante más concretos.

O presidente do CEO di que o tema 12 de Igualdade que aparece na categoría de TE de Biblioteca, non debería estar incluído por non ser específico, e de estar, debería ir nas demais convocatorias. Polo que se refire á proba práctica de TE de animalario, como xa hai unha proba escrita, e este proceso é para listas de agarda, debería haber unha soa proba. Considera que os tribunais deben ser conscientes de que se trata dunhas listas de agarda, aínda que tamén é certo que é para un traballo concreto cunhas funcións concretas onde unha persoa pode chegar a moito tempo.

Alejandra Álvarez Silva fai referencia ao temario da categoría de TE de animalario indicando que é excesivamente amplio tendo en conta que xa se pide a capacitación para a praza, polo que ao seu xuízo vanse presentar menos persoas e así, a lista de agarda vai ser moi pequena. Considera que debería haber un equilibrio entre o que se pide e o que representa ter unha lista de agarda.

O Vicexerente de RRHH responde que o temario é praticamente igual que na anterior convocatoria do ano 2014.

Alejandra Álvarez especifica que na categoría TE Animalario ao menos non aparecían na convocatoria anterior o tema doutras especies e peixes, tres apartados en procedementos experimentais e dous apartados de lexislación.

Pablo Álvarez di que unha das solucións para poder garantirse unha lista de agarda, podería ser modificar a nota mínima do aprobado nas respectivas convocatorias, pasando este a ser o 50% da nota más alta.

Páxina 2 | 3

A Xerenta responde que, polo momento, non se vai modificar a nota mínima que figura nas convocatorias para acadar o aprobado.

## 2. Rolda de intervencións.

O Vicexerente de RRHH explica que este fin de semana comeza a apertura extraordinaria das bibliotecas. Como só se conta cunha única persoa das listas de agarda, o que se fixo foi darré a posibilidade ao persoal tanto contratado como fixo de facer horas extras ou cubrir eses períodos e compensalos con descanso. Neste momento, estarían todos os servizos de biblioteca cubertos menos a Biblioteca de Pontevedra nas tardes do fin de semana e o Día das Letras Galegas. Ante esta situación, pensouse na posibilidade de pechar, pero debido a que é unha biblioteca con bastante demanda ademais de estar en época de exames, desbotouse esa posibilidade. Polo tanto, estase valorando a posibilidade de abrir con persoal de seguridade, solución que non é do agrado da xerencia pero neste momento non hai ningunha persoa que queira cubrir esas quendas.

O presidente do CEO considera inaceptable esa posibilidade. Di que esta situación non é nova e non se debería permitir. Habería que formular a posibilidade de que cubrían esas quendas con algúna persoa da Biblioteca de Vigo ou incluso Ourense.

O Vicexerente de RRHH responde que se falou coa dirección da Biblioteca para que se dera a posibilidade de que algúna persoa, tanto contratada como fixa, de Vigo ou Ourense, puidera cubrir esas quendas, pero non se atopou a ninguén.

Pablo Álvarez di que se non atopa a ninguén entre o persoal de biblioteca, antes de ofrecer esa posibilidade aos gardas de seguridade, se debería ofrecer aos ATSX das conserxerías.


O Vicexerente de RRHH non lle parece unha mala opción a apuntada por Pablo Álvarez.

O presidente do CEPO di que tamén lle parece inadmisible cubrir a biblioteca con persoal de seguridade.

A xerenta quere deixar claro que, a solución de cubrir os fins de semana pola tarde con persoal de seguridade, non é en absoluto do agrado da xerencia. Parécelle moito máis acaída a solución de cubrir con ATSX, polo que nos vindeiros días se tratará de chamar á xente das listas e así cubrir o servizo demandado. Conclúe que se queda á espera de recibir as achegas dos comités e tentarase ter a vindeira reunión na semana seguinte.


E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:00h

A Xerenta



Raquel M. Souto García

O Presidente do CEPO



Marcos Estévez Orge

O Presidente do CEO



Luis Pérez Gómez

